



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 24/01/2017

2. Mocións	3
2.1 10/MOC-000008 (0002756)	3
(0002756) Entrada da iniciativa.....	4
(0003951) Emendas dos grupos parlamentarios	9
(0003964) Emendas dos grupos parlamentarios	13
2.2 10/MOC-000009 (0002757)	15
(0002757) Entrada da iniciativa.....	16
(0003974) Emendas dos grupos parlamentarios	18
3. Proposicións non de lei ante o pleno.....	20
3.1 10/PNP-000042 (0000676)	20
(0000676) Entrada da iniciativa.....	21
(0003959) Emendas dos Grupos Parlamentarios	24
3.3 10/PNP-000165 (0001739)	25
(0001739) Entrada da iniciativa.....	26
(0003950) Emendas dos Grupos Parlamentarios	29
(0003973) Emendas dos Grupos Parlamentarios	30
3.5 10/PNP-000225 (0002451)	32
(0002451) Entrada da iniciativa.....	33
(0003979) Emendas dos Grupos Parlamentarios	35
3.6 10/PNP-000234 (0002507)	37
(0002507) Entrada da iniciativa.....	38
(0002508) Solicitud corrección errores.....	41
(0003952) Emendas dos Grupos Parlamentarios	42
(0003957) Emendas dos Grupos Parlamentarios	44
(0003983) Emendas dos Grupos Parlamentarios	46
3.7 10/PNP-000246 (0002638)	48
(0002638) Entrada da iniciativa.....	49
(0003965) Emendas dos Grupos Parlamentarios	53
3.8 10/PNP-000259 (0002930)	55
(0002930) Entrada da iniciativa.....	56
(0003958) Emendas dos Grupos Parlamentarios	59
(0003975) Emendas dos Grupos Parlamentarios	61



2. MOCIÓN.

2.1 10/MOC-000008 (0002756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1876, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, debatida na sesión plenaria do 27.12.2016)



(0002756) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da súa portavoz **Ana Belén Pontón Mondelo**, e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 28 de decembro, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade (doc. núm **1876**, [10/INT-000076]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a promover un **Pacto galego contra a violencia de xénero** e que como mínimo inclúa as seguintes medidas:

1. Un incremento substancial dos recursos económicos destinados a loitar contra a violencia de xénero, que como mínimo, deben situarse **no 1% dos orzamentos da Xunta** de Galiza en cada exercicio económico.
2. Iniciar os procedementos necesarios para modificar a Lei Galega 11/2007, para a prevención e tratamiento integral das violencia de xénero e incluír na mesma a **regulación do Feminicidio e un estatuto de protección das vítimas do feminicidio**.
3. **Mellorar os medios e recursos da xustiza**, concretamente:



- a. Solicitar xulgados específicos en materia de violencia contra as mulleres en todas as cidades galegas
 - b. Garantir, en todos os xulgados galegos, salas de espera separadas para as mulleres que denuncian e os seus agresores.
 - c. Garantir a formación especializada en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluíndo médicos/as forenses e equipos psicosociais.
 - d. Evitar a vitimización secundaria das mulleres que denuncian, garantindo un trato axeitado e evitando que teñen que declarar varias veces.
 - e. Creación de unidades de valoración forense integral e elaboración e aplicación dun **Protocolo forense de valoración do nivel de risco** nos casos de violencia de xénero.
4. Elaborar antes de que remate 2017, e remitir ao Parlamento unha lei galega de coeducación, realizado con participación e consenso social, nomeadamente das organizacións feministas, sindicatos do ensino e movementos de renovación pedagógica.
5. Intensificar as medidas de prevención da violencia de xénero coas seguintes actuacións:



- a. Posta en marcha, de xeito periódico, de campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, que incidan no rexacemento social sobre todas as formas de violencia de xénero e que informen dos medios e recursos a disposición das mulleres que se atopen en situación de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos.
- b. Aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, *galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero* relativo a formación da totalidade das e dos profesionais.

6. Aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017, *galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero* que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria. E en relación cos programas de atención psicolóxica:

- a. Abrirase ao Programa de atención a mulleres en situación de violencia de xénero a aquellas mulleres que estean en situación de violencia de xénero, con independencia de si se produciu ou non, a ruptura da convivencia.
- b. Promover os cambios legais necesarios para as mulleres en situación de violencia de xénero non teñan que informar ao outro



proxenitor da decisión de que a/o menor inicien un tratamiento psicológico coa finalidade de abordar o impacto psicológico sufrido por presenciar violencia de xénero.

c. Ampliarase oficialmente no Programa Abrámolo Círculo aos homes menores de idade que protagonizaran casos de violencia de xénero.

7. Elaborar en colaboración coa FEGAMP e os concellos, protocolos de prevención e atención a situación de violencia machista naquelas entidades locais que non disponían do mesmo ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado.

8. A Xunta de Galiza financiará investigacións científicas sobre as causas e consecuencias da violencia contra as mulleres e concretamente, no prazo de seis meses, realizará unha **avaliación, externa e independente, do cumprimento e do impacto na Galiza da lei galega e da lei estatal contra a violencia de xénero**, así como das medidas necesarias para mellorar a eficacia das políticas públicas para acabar coa violencia de xénero que será remitida ao Parlamento de Galiza.

9. Promover que tanto medios públicos como privados cumpran os principios establecidos na Declaración de Compostela, procurando a responsabilidade e implicación dos medios de comunicación social no combate á violencia machista e evitando o morbo e sensacionalismo no tratamento informativo da violencia machista.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 10:52
Nº Rexistro: 2756
Data envío: 30/12/2016 10:52:19.622



10. Estableceranse medidas para **evitar a vitimización secundaria das mulleres** en situación de violencia de xénero e articularanse medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas.”

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
 Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/12/2016 10:51:50

(0003951) Emendas dos grupos parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade (10/MOC-000008, doc. núm. 2756)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da moción que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a promover un Pacto galego contra a violencia de xénero e que como mínimo inclúa as seguintes medidas:

1. Un incremento substancial dos recursos económicos destinados a loitar contra a violencia de xénero, que como mínimo, garantan que ningunha muller vítima de violencia machista en Galicia quede fóra das axudas periódicas por falta de orzamento. E que estas, unha vez solicitadas se resolván nun prazo máximo de vinte días.

2. Mellorar os medios e recursos da xustiza, concretamente:

- a. Solicitar xulgados específicos en materia de violencia contra as mulleres nas principais cidades galegas.
- b. Garantir, en todos os xulgados galegos, salas de espera separadas para as mulleres que denuncian e os seus agresores.
- c. Garantir a formación especializada en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluíndo médicos/as forenses e equipos psicosociais.
- d. Evitar a vitimización secundaria das mulleres que denuncian, garantindo un trato axeitado.

■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- e. Creación de unidades de valoración forense integral e aplicación do Protocolo forense de valoración do nivel de risco co que xa conta o Ministerio de Xustiza nos casos de violencia de xénero.
 - f. Establecer protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.
 - g. Poñer en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento no que se presenta a denuncia ata o final do proceso.
3. Elaborar antes de que remate 2017, e remitir á Cámara unha lei galega de coeducación, realizado con participación e consenso social, nomeadamente das organizacións feministas, sindicatos do ensino e movementos de renovación pedagóxica.
4. Intensificar as medidas de prevención da violencia de xénero coas seguintes actuacións:
- a. Posta en marcha, de xeito periódico, de campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, que incidan no rexacemento social sobre todas as formas de violencia de xénero e que informen dos medios e recursos a disposición das mulleres que se atopen en situación de violencia de xénero, facendo especial incidencia no ámbito rural. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos.
 - b. Aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero relativo a formación da totalidade das e dos profesionais.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria. E en relación cos programas de atención psicolóxica:

a. Abrirase ao Programa de atención a mulleres en situación de violencia de xénero a aquelas mulleres que estean en situación de violencia de xénero, con independencia de si se produciu ou non, a ruptura da convivencia.

b. Ampliarase oficialmente no Programa Abrámolo Círculo aos homes menores de idade que protagonizaran casos de violencia de xénero, previo consentimento dos seus representantes legais.

6. Elaborar en colaboración coa Fegamp e os concellos, protocolos de prevención e atención a situación de violencia machista naquelhas entidades locais que non dispoñan do mesmo ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado.

7. A Xunta de Galicia financiará investigacións científicas sobre as causas e consecuencias da violencia contra as mulleres e concretamente, no prazo de seis meses, realizará unha avaliación, externa e independente, do cumprimento e do impacto en Galicia da lei galega e da lei estatal contra a violencia de xénero, así como das medidas necesarias para mellorar a eficacia das políticas públicas para acabar coa violencia de xénero que será remitida ao Parlamento de Galicia.

8. Promover que tanto medios públicos como privados cumpran os principios establecidos na Declaración de Compostela, procurando a responsabilidade e implicación dos medios de comunicación social no combate á violencia machista e evitando o morbo e sensacionalismo no tratamiento informativo da violencia machista.

9. Estableceranse medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero e articularanse medidas que



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:58
Nº Rexistro: 3951
Data envío: 23/01/2017 16:58:39.427



Grupo Parlamentario

salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas.

Partido dos Socialistas de Galicia

10. Manter durante todo o ano cos fondos necesarios, as axudas a mulleres vítimas (o coñecido como Salario da Liberdade).

11. Potenciar a formación e o emprego das mulleres vítimas, cumplindo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.”

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/01/2017 16:50:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2017 16:50:42



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0003964) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:00
Nº Rexistro: 3964
Data envío: 23/01/2017 18:00:02.099

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada, **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalistas Galego, **10/MOC-000008 (2756)**, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1876, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, debatida na sesión plenaria do 27.12.2016).

Emenda de substitución:

Débese substituír a parte resolutiva pola que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia acorda que se constitúa unha Subcomisión, dentro da Comisión Non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, constituída o 29 de novembro de 2016 no Parlamento galego, coa finalidade de articular nun prazo máximo de 3 meses un documento de consenso de todos os grupos políticos con representación na Cámara galega, co obxectivo de elevar unha posición única e convxunta, á xuntanza da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, que se acordou convocar na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, para celebrar un debate monográfico sobre a violencia de xénero que incorpore as aportacións da Comunidade Autónoma de Galicia aos traballos do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero"

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.



PARLAMENTO
DE GALICIA



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:00
Nº Rexistro: 3964
Data envío: 23/01/2017 18:00:02.099

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/01/2017 17:58:20

Paula Prado Del Río na data 23/01/2017 17:58:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



2.2 10/MOC-000009 (0002757)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre a situación asistencial da sanidade (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 2077, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, que foi debatida na sesión plenaria do día 27 de decembro de 2016)



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0002757) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:19
Nº Rexistro: 2757
Data envío: 30/12/2016 12:19:16.640

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación (10/INT-000082 (2077)), sobre a situación asistencial da sanidade, que foi debatida na sesión plenaria do día 28 de decembro de 2016.

O Parlamento Galego insta á Xunta a adoptar as seguintes medidas:

1ª.- Abrir as camas que permanecen pechadas, incrementando o persoal para poder atendelas e poder aliviar as persoas pendentes de ingreso.

2ª.- Dotar de telemetría un número suficiente de camas no servizo de Cardioloxía que permita ingresar no mesmo ás persoas doentes que a precisen, evitando mantelas ingresadas no servizo de urxencias.

3ª.- Dotar de máis persoal o servizo de urxencias, incluída as zonas de observación, incrementándoo nos días de maior afluencia ou aqueles nos que permanezan ingresados pacientes no servizo sen posibilidade de traslado.

4ª.- Aclarar publicamente e por escrito o número de camas na ampliación e o número que vai quedar na parte antiga.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:19
Nº Rexistro: 2757
Data envío: 30/12/2016 12:19:16.640



5º.- Informar ao Parlamento de Galicia, para poder valoralos, dos datos de reingreso após 24, 48 e 72 horas da alta en urxencias.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/12/2016 12:17:48

Luis Villares Naveira na data 30/12/2016 12:17:59



(0003974) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do dispuesto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **2757**, [**10/MOC-000009**], do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a situación asistencial da sanidade, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 24 de xaneiro de 2017.

Emenda de adición:

Propónese engadir un novo punto co seguinte texto:

“Instar á Xerente do CHOU a iniciar de inmediato un proceso de diálogo c@s traballadores/as. A escoitar e ter en conta as súas demandas de reorganización dos servizos, en especial do de urxencias. De non realizarse este diálogo proceder ao seu cese.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:08
Nº Rexistro: 3974
Data envío: 23/01/2017 18:08:09.271



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OPERA A PARLAMENTAR
Partido de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp.bng@parlamento.degalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 17:11:37

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 17:11:41



3. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

3.1 10/PNP-000042 (0000676)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Sol Díaz Mouteira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ignacio Javier López-Chaves Castro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Rodríguez Miranda
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia. (Procedemento de urxencia)



PARLAMENTO DE GALICIA

(0000676) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 676
Data envío: 03/11/2016 19:34:54,485

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, María sol Díaz Mouteira, Cesar Fernández Gil, Ignacio López-Chaves Castro, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda, Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Tal e como coñecemos pola súa publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, a Xunta de Galicia ten iniciado a elaboración dunha norma que en desenvolvemento da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é a de dotar a nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que recolla a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e a mellora da calidade de vida dos cidadáns e teña en conta as reiteradas demandas dos membros do colectivo de científicos españois no estranxeiro e doutros colectivos sensibles ás devanditas demandas.

A Administración pública de Galicia non pode permanecer impasible ante o déficit de persoal altamente formado en tarefas de I+D+i e TT, e proponse que mediante unha norma se aborde a liña de actuación para proceder á incorporación de capital humano que poida responder á necesidade de xerar novo coñecemento e facer un uso eficiente dos recursos.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 402
gppdg@xunta.gal
www.ppdgalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 676**

Data envío: 03/11/2016 19:34:54.485

Todo en aras a acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador, convertendo a I+D+i e TT nunha prioridade para a nosa Comunidade Autónoma.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar a norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia”

Santiago de Compostela 04 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/11/2016 19:27:03

María Sol Díaz Mouteiro na data 03/11/2016 19:27:44

César Manuel Fernández Gil na data 03/11/2016 19:28:32

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 03/11/2016 19:28:42

Paula Prado Del Río na data 03/11/2016 19:29:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/11/2016 19:29:38

Antonio Rodríguez Miranda na data 03/11/2016 19:29:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/11/2016 19:30:06

Álvaro Pérez López na data 03/11/2016 19:30:40

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/11/2016 19:31:17





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 676
Data envío: 03/11/2016 19:34:54.485


Diego Calvo Pouso na data 03/11/2016 19:31:27

Carlos Enrique López Crespo na data 03/11/2016 19:31:53

Marta Novoa Iglesias na data 03/11/2016 19:32:16

José González Vázquez na data 03/11/2016 19:32:31

Sandra Vázquez Domínguez na data 03/11/2016 19:33:05





**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0003959) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:32
Nº Rexistro: 3959
Data envío: 23/01/2017 17:32:21.052



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o Réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia (doc. núm. 676).

Emenda de modificación

O texto da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar, durante o primeiro cuadrimestre de 2017, a norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporando a correspondente memoria económica que conteña a necesaria previsión de custos, dotación orzamentaria, criterios de actuación e calendario de contratacóns para o período 2017-2020".

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 14:00:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2017 14:00:24



3.3 10/PNP-000165 (0001739)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatite C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0001739) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao **tratamento da hepatite C**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. O Ministerio de Sanidade calcula que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Despois das múltiples denuncias (algunhas con procesos xudiciais áinda abertos) tanto de afectados como profesionais solicitando un correcto tratamento da enfermidade, actualmente os casos más graves están a ser atendidos. Sen embargo, o Plan Estratégico Nacional para o tratamiento da Hepatite C, que contempla varias áreas de traballo, non está a ser totalmente desenrolado, o que sen dúbida supón unha grave deficiencia na procura de solucións integrais da enfermidade.

Unha das áreas de dito plan que non se está levando a cabo é a relativa a poñer en marcha mecanismos de información e prevención tal e como marca o documento.

Nese sentido, existen queixas por parte de colectivos afectados, en relación a que a Xunta non promove un plan de cribado con campañas informativas para que a xente acuda á Atención Primaria, así como a formación especializada aos profesionais de Atención Primaria sobre os itinerarios a seguir.



Tendo en conta que Galicia ten competencias plenas no ámbito sanitario, é responsabilidade da Consellería de Sanidade levar a cabo o desenrollo de ditas demandas..

O presidente da Xunta, asegurou fai pouco que se levou a cabo un investimento de 130 millóns de euros neste proceso.

Por todo o anterior, En Marea formula a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facerse cargo do desenrollo completo do contido do Plan Estratéxico, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado perceptivo.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernandez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/11/2016 19:41:07



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1739
Data envío: 28/11/2016 19:42:46,360



Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 19:41:16



(0003950) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatite C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo (10/PNP-000165, doc. núm. 1739).

Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“Garantir o correcto funcionamento da Consellería de Sanidade no relativo á hepatite C, especialmente no relacionado co trato coas persoas afectadas e o seguimento do Plan estratéxico, separando para elo das súas funcións aos altos cargos investigados por homicidio.”

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/01/2017 16:49:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2017 16:49:46



(0003973) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:07
Nº Rexistro: 3973
Data envío: 23/01/2017 18:07:44.599



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **1739**, [**10/PNP-000165**], do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre o desenvolvimento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatite C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 24 de xaneiro de 2017.

Emenda de adición:

Propónese engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar todas as accións precisas para que se cumpla dun xeito efectivo o convenio asinado entre SERGAS e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación efectiva do disposto no Plano para a abordaxe da Hepatite C no ámbito dos centros penitenciarios radicados en Galicia.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:07
Nº Rexistro: 3973
Data envío: 23/01/2017 18:07:44,599



OPERA A PARLAMENTAR
Partido Nacionalista Galego
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp.bng@parlamento.degalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 16:47:33

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 16:47:37



3.5 10/PNP-000225 (0002451)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0002451) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2016 10:51
Nº Rexistro: 2451
Data envío: 22/12/2016 10:51:07.071



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu voceiro e vicevoceiro Luis Villares Naveira e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), en sentenza deste 21 de decembro de 2016, ven de fallar a favor dos clientes no caso das indemnizacións das cláusulas solo abusivas. As entidades terán que devolver todo o que os clientes abonaron de máis durante a vida do préstamo hipotecario, e non só a partir do 9 de maio de 2013, como fixara o Tribunal Supremo.

Segundo o TXUE a xurisprudencia española que limita no tempo os efectos da declaración de nulidade das cláusulas adoito contidas nos contratos de préstamo hipotecario en España é incompatible co Dereito da Unión. Tal limitación dá lugar a unha protección dos consumidores incompleta e insuficiente, polo que non constitúe un medio adecuado e eficaz para que cese o uso das cláusulas abusivas.

Na sentenza faise constar que a declaración xudicial do carácter abusivo dunha cláusula debe ter como consecuencia o restablecemento da situación na que se atoparía o consumidor de non existir dita cláusula.

A consecuencia é o recoñecemento do dereito de centos de miles de clientes a que se lles devolva o incorrectamente cobrado pola existencia das cláusulas chan.



Ante a evidencia deste recoñecemento pola xustiza europea a banca e as administracións deben de garantir que se lles devolven as cantidades cobradas de máis durante anos, sen colocar obstáculos innecesarios que obstaculicen a efetivización do recoñecido na sentenza, evitando facer pasar aos consumidores por máis gasto de tempo e diñeiro en obter un dereito que lles corresponde.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a habilitar e activar os mecanismos e instrumentos necesarios de arbitraxe e solución extra-xudicial para a devolución polas entidades das cantidades indebidamente cobradas aos clientes de contratos hipotecarios con cláusulas solo, de conformidade cos fundamentos e fallo da sentenza do TSXUE de 21 de decembro de 2016.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 10:48:47

Antón Sánchez García na data 22/12/2016 10:49:15



(0003979) Emendas dos Grupos Parlamentarios




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:18
Nº Rexistro: 3979
Data envío: 23/01/2017 18:18:27.006

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. de En Marea num. 2451 (10/PNP 000225)**, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 24 e 25 de xaneiro de 2017.

Emenda de Substitución:

Débese substituir a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado á modificación, con efectos retroactivos, do RDL 1/2017, de 20 de xaneiro, ao efecto de garantir os dereitos dos consumidores á devolución obligatoria e de oficio polas entidades financeiras, e sen requerimento previo, de todas as cantidades cobradas en exceso pola aplicación das mencionadas clausulas, intereses devengados incluidos desde a data de efectos do contrato, e a desenvolver con plenas garantías os instrumentos de arbitraxe que garanten o exercizo efectivo do anteriormente sinalado, incluido, no seu caso, a exención de custas xudiciais.”



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:18
Nº Rexistro: 3979
Data envío: 23/01/2017 18:18:27.006



Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Voceiro Suplente do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/01/2017 18:17:03

3.6 10/PNP-000234 (0002507)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Puy Fraga
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jesús Vázquez Almuíña

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais



PARLAMENTO DE GALICIA

(0002507) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2507

Data envío: 23/12/2016 15:02:47.776

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Marta Rodríguez Arias, M^a Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Jesús Vazquez Almuíña, ao abeiro do disposto nos artigos 98,160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno** polo trámite de urxencia.

Xustificación da Urxencia:

A Urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione cando antes sobre esta cuestión.

Exposición de Motivos

Hai un ano aprobouse e púxose en marcha unha iniciativa específica para dar resposta ás necesidades das nais, dos pais e dos seus nenos: O Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), co propósito garantir o benestar das familias e apoialas de maneira integral e continua dende o primeiro momento.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2507**

Data envío: 23/12/2016 15:02:47.776

Con esta finalidade, implantouse unha nova axuda directa por nacemento de fillo, ao tempo que se están a desenvolver medidas e servizos que favorecen a conciliación, como o aumento dos recursos educativos e de atención dirixidos aos nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Debemos seguir reforzando as políticas sociais dirixidas ao benestar das familias e, sobre todo, dos nenos e nenas. Seguir apoianto ás familias, especialmente ás familias monoparentais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urgencia:**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

“Elaborar e aprobar un Programa de Axudas específico para as familias monoparentais”

Santiago de Compostela 26 decembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
9p-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2507**

Data envío: 23/12/2016 15:02:47.776

Marta Rodriguez Arias na data 23/12/2016 14:50:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/12/2016 14:51:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/12/2016 14:51:38

María Ángeles Garcia Míguez na data 23/12/2016 14:51:53

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/12/2016 14:52:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/12/2016 14:53:04

Jesús Vázquez Almuiña na data 23/12/2016 14:53:16

César Manuel Fernández Gil na data 23/12/2016 14:56:21

Jaime Castiñeira Broz na data 23/12/2016 14:56:26

Moisés Blanco Paradelo na data 23/12/2016 14:56:31

Maria Antón Vilasánchez na data 23/12/2016 14:56:43

Marta Novoa Iglesias na data 23/12/2016 14:56:54

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/12/2016 14:58:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/12/2016 14:58:14

Paula Prado Del Río na data 23/12/2016 14:58:23



(0002508) Solicitud de corrección errores



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2508

Data envío: 23/12/2016 15:12:52,702

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, advertido un erro nos documentos con números: 2504, 2505, 2506, 2507
Solicita se engada a firma do portavoz Pedro Puy Fraga.

Santiago de Compostela 23 decembro 2.016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/12/2016 15:10:52

pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0003952) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais (10/PNP-000234, doc. núm. 2507)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais.
2. Presentar na Cámara galega dito programa de axudas, para someter a súa aprobación a debate e votación nun prazo máximo de seis meses.
3. Dotar o programa de axudas específico para familias monoparentais-monomarentais do orzamento necesario para o seu desenvolvemento.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1. Modificar a lexislación relativa ás familias numerosas, ao obxecto de que as familias monomarentais-monoparentais con dous fillos, sexan consideradas familias numerosas.
2. Adoptar as medidas necesarias para a progresiva equiparación dos dereitos das familias monomarentais-monoparentais con dous fillos e os das familias numerosas, analizando e equiparando na medida do posible os beneficios que poidan compartir unhas e outras.”

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:58
Nº Rexistro: 3952
Data envío: 23/01/2017 16:58:57,396



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 23/01/2017 16:51:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2017 16:51:31



(0003957) Emendas dos Grupos Parlamentarios




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:30
Nº Rexistro: 3957
Data envío: 23/01/2017 17:30:23.849

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular númer. 2507 (10/PNP 000234)**, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 24 e 25 de xaneiro de 2017.

Emenda de adición

Débese engadir na parte dispositiva o seguinte texto:

“Implementar unha liña de axudas de urxencia –compatibles con outras prestacións e axudas– para familias monoparentais con ingresos inferiores ao SMI, con menores de 0 a 16 anos a cargo de, como mínimo, 100 € ao mes por menor, para cubrir necesidades básicas.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/01/2017 17:29:41



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:30
Nº Rexistro: 3957
Data envío: 23/01/2017 17:30:23.849



Luis Villares Naveira na data 23/01/2017 17:29:50



(0003983) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:26
Nº Rexistro: 3983
Data envío: 23/01/2017 18:26:12.662



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. 2507, [10/PNP-000234], do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 24 de xaneiro de 2017.

Emenda de adición:

Propónese engadir a continuación do texto os seguintes puntos:

“-Establecer para este Programa unha dotación económica suficiente, que xa se reflicta con partidas concretas nos orzamentos da Xunta para o ano 2017, para atender propostas precisas en: emprego e conciliación, protección social, saúde, educación, transporte, ocio, medidas fiscais e vivenda.

-O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que proceda a realizar as modificacións lexislativas que sexan precisas para a consideración das familias monoparentais e monoparentais con



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:26
Nº Rexistro: 3983
Data envío: 23/01/2017 18:26:12.662



dous/dúas fill@s a cargo teñan a consideración de familia numerosa a todos os efectos.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 16:46:52

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 16:46:58



3.7 10/PNP-000246 (0002638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obligatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia

(0002638) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte preposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O sistema educativo español está caracterizado, entre outros aspectos, por un elevado nivel da denominada autonomía organizativa dos centros educativos.

Tanto é así que a vixente Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidad educativa, determina xa no seu primeiro artigo, sobre os principios da educación, a autonomía no relativo ao establecemento e adecuación das actuacóns organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao Estado, ás comunidades autónomas, ás corporacóns locais e aos centros educativos.

Ademais, a Lei citada dedica no seu Título V o Capítulo II á autonomía dos centros.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, e por etapas educativas, a autonomía pedagóxica dos centros vén regulada do seguinte xeito:

No Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 12º.2 establece que os centros educativos desenvolverán e completarán o currículo establecido pola Administración educativa adaptándoo ás características das nenas e dos nenos e á súa realidade educativa.

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4º establece que os centros docentes desenvolverán e concretarán este currículo, e estas concrecóns formarán parte do proxecto educativo do centro.

■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia, o artigo 5º establece que os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

A Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, no seu artigo 24º establece que:

Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

O anterior pon de manifesto a máxima relevancia que para o proceso de ensino ten a elaboración das programacións didácticas nos centros educativos, como garante para profesorado, alumnado e as súas familias, da adecuación da planificación do proceso educativo tanto ás necesidades legais como sociais, convertendo este asunto en algo de importancia xeral.

Non obstante, a elaboración destes instrumentos supón unha dificultade engadida á, xa de por si complexa, tarefa dos docentes. Isto é así porque:



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- 1º) Unha parte deste colectivo asume esta tarefa como unha carga inevitable, allea ao que considera o seu traballo (dar clase), de elevada compoñente administrativa.
- 2º) En moitos casos utilízanse modelos facilitados polas editoriais, que áinda que poden ser válidos en liñas xerais, precisan sempre dunha adecuación aos centros.
- 3º) O permanente (e desgraciado) cambio normativo que afecta o noso sistema educativo, que supón unha sensación de provisionalidade no traballo.

Ante esta situación, e dado o elevado número de persoas que poden aportar o seu coñecemento (profesorado e inspección de educación), a existencia de soporte tecnolóxico suficiente e o feito de que xa se ten experimentado nesta comunidade autónoma no ámbito da Formación Profesional un modelo similar, parece oportuno que se dote ao sistema educativo galego dunha plataforma tecnolóxica que permita:

- 1) Facilitar propostas de programacións didácticas de cada un dos niveis sinalados, educación infantil, primaria, secundaria obligatoria e bacharelato, de xeito que, sen vulnerar a autonomía de cada centro, poidan realizarse sobre esa proposta as adecuacións pertinentes.
- 2) A supervisión desas programacións didácticas dun xeito que integre a Administración electrónica (e-administración) no eido educativo.
- 3) Levar a esta Comunidade Autónoma a unha situación de liderado no eido da innovación educativa.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 12:01
Nº Rexistro: 2638
Data envío: 27/12/2016 12:01:35.680



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que poña en marcha á maior brevidade posible, unha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/12/2016 12:00:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/12/2016 12:00:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/12/2016 12:00:32



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0003965) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:00
Nº Rexistro: 3965**

Data envío: 23/01/2017 18:00:23.146

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **César Fernández Gil**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Proposición non de Lei en Pleno**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 10/PNP-000246(2638), Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obligatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apoando a labor docente cun conxunto de instrumentos e ferramentas que faciliten a elaboración das programacións didácticas en infantil, primaria e secundaria, seguindo a liña emprendida en Formación Profesional por este goberno, e aproveitar así as novas posibilidades de estruturación e organización curricular que existen en Galicia grazas á posta en marcha da LOMCE"

Santiago de Compostela, 23 de Xaneiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/01/2017 17:57:39

pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO
DE GALICIA



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:00
Nº Rexistro: 3965
Data envío: 23/01/2017 18:00:23.146

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2017 17:57:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

3.8 10/PNP-000259 (0002930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios



PARLAMENTO DE GALICIA

(0002930) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Os servizos de urxencias dos diversos centros hospitalarios de Galicia sufren, de maneira habitual, saturacións pola entrada masiva de pacientes que desbordan as posibilidades de atención por parte do persoal sanitario. Estas situacións provocan dificultades asistenciais, producidas pola falta de recursos persoais e materiais, que derivan no agravamento dos problemas que presentan os pacientes ao chegar ao servizo de urxencias.

Esta situación deuse neste inicio de 2017 en varios centros hospitalarios de Galicia, e nalgúns deles de maneira grave e destacada, como no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU), no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) ou nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Pontevedra. Algunhas destas situacións, como é no caso do CHOU, constátase de maneira repetida este escenario.

Os graves problemas xurdidos nos servizos de urxencias por saturacións provocan problemas de retrasos inasumibles para unha correcta atención, como puideron ser de máis de 8 horas no caso de Pontevedra para pacientes de elevada idade para os que agravamento da súa urxencia pode causar males maiores, mentres que dende os estamentos directivos esta situación foi cualificada de “normal” (La Voz de Galicia, 3 de xaneiro de 2017), como tamén apuntaron que “non foi necesario abrir máis camas nin tomar medidas excepcionais” no caso de Hospital Álvaro Cunqueiro a pesares de estar os corredores cheos de camas con pacientes esperando hospitalización e que o persoal profesional falaba da maior saturación rexistrada nunca nese hospital (La Voz de Galicia, 6 de decembro de 2016). No caso do



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

CHUS, sindicatos profesionais apuntan á existencia dun 25 % dos espazos de atención en urxencias que están baleiros, e máis de medio centenar de camas pechadas impedindo a hospitalización de moitos e moitas pacientes. Neste punto, Inspección de Traballo xa ten advertido varias veces sobre o incumprimento da normativa que supón ter camas nos corredores (El Correo Gallego, 3 de xaneiro de 2017). Cabe recordar que a Valedora do Pobo solicitou información á xerencia do CHUS neste mesmo novembro pola existencia de casos semellantes, que foron denunciados por propio persoal do centro. O caso do CHUOU presenta, tamén, unha situación repetida pois no pasado mes de novembro viuse nunha situación parecida, apuntando os profesionais que nestes últimos casos o persoal era “insuficiente” e existía “falta de medios materiais” (La Región, 3 de xaneiro de 2017).

A pesares de ser inicialmente atribuído, por parte das distintas xerencias e responsables da Consellería de Sanidade, a picos de asistencia a urxencias por parte das persoas pacientes, e difícilmente previsibles, a realidade que amosan os e as profesionais é ben distinta. Os colectivos de profesionais sanitarios, especificamente aqueles de urxencias, e tamén as xuntas de persoal dos centros hospitalarios, refiren habitualmente a existencia de causas previsibles e subsanables acerca destes casos. Por un lado apúntase a deficiente disponibilidade de recursos materiais e persoais, que fan imposible afrontar con plenas garantías asistencias unha saturación como as sinaladas. O persoal profesional sanitario, que salvan as situacions a base de sobreesforzos e prolongacións das súas xornadas, apunta a necesidade de incorporar máis persoal para estes servizos de urxencias. Por outro lado, existen patróns de previsión que non se están a ter en conta por parte das xerencias dos centros, en relación ao calendario e coa chegada de epidemias como a gripe.

A pesares desta información persistente sobre a posibilidade de mellorar a calidade do servizo para as situacions de dificultades previsibles, séguense a producir saturacións que contribúen a unha maior dificultade no tratamento, que deriva en complicacións para os e as doentes. As largas esperas nas salas antes de ser atendidos, o agrupamento de camas en corredores, as difíciles condicións en que os e as pacientes son atendidas e postos en repouso en salas non adecuadas e outras cuestións que son referidas polos e polas pacientes e polos e polas profesionais, son motivo



■ Grupo Parlamentario

dunha diminución da calidade do noso sistema sanitario froito dunha xestión ineficiente.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir ás xerencias dos centros hospitalarios de Galicia un informe dos episodios de saturacións vividos en cada centro, que inclúa a previsión realizada, a dotación de recursos existente e o reforzo aportado, así como unha avaliación do desenvolvemento da labor nos momentos de maior volume de pacientes. Enviar unha copia de cada informe a cada grupo político e á Xunta de Persoal correspondente.
2. Elevar a dotación material e humana dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galicia, negociendo cos colectivos profesionais e sindicais de cada centro hospitalario un plan de aumento de persoal progresivo para os dous próximos anos.

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2017 12:02:09

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2017 12:02:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/01/2017 12:02:25



(0003958) Emendas dos Grupos Parlamentarios




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:32
Nº Rexistro: 3958
Data envío: 23/01/2017 17:32:04.318

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 2930, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios, que será debatida na sesión plenaria do día 24 de xaneiro de 2017. (10/PNP-000259).

Emenda de supresión:

Eliminarase o seguinte no punto 2:

“...de urxencias...”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do GP de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 17:32
Nº Rexistro: 3958
Data envío: 23/01/2017 17:32:04.318



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/01/2017 17:30:59

Luis Villares Naveira na data 23/01/2017 17:31:07



(0003975) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **2930**, [10/PNC-000259], do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 24 de xaneiro de 2017.

Emenda de adición:

Propónense engadir os seguintes puntos:

“-Elaboración dun protocolo de actuación, para os brotes ou picos asistenciais como o da gripe, en interlocución c@s profesionais,tanto dos servizos de urxencias como do resto dos servizos dos hospitais directamente implicados como de Atención Primaria, e representantes sindicais, onde se contemple como mínimo a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización etc.

-Que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que disponen.

-Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:08
Nº Rexistro: 3975
Data envío: 23/01/2017 18:08:33.334



-Dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 17:14:51

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 17:14:56



PARLAMENTO
DE GALICIA